

Proxecto Lector do Cra de Rianxo

Curso 2019 - 2020



“Un neno que le será un adulto que pensa”

(autor descoñecido)

Índice:

1.- Introducción.....	páx. 03
2.- Análise da situación da lectura e da escritura no centro.....	páx. 04
3.- Marco conceptual e xustificación	páx. 06
4.- Requisitos.....	páx. 07
4.1.- Profesorado.....	páx. 07
4.2.- Biblioteca escolar.....	páx. 08
4.2.1.- Bibliotecas de aula.....	páx. 11
5.- Obxectivos.....	páx. 13
6.- Intervencións precisas.....	páx. 18
7.- Seguimento e avaliación	páx. 25

1.- Introdución:

É indiscutible a importancia que teñen as habilidades lectoras na nosa vida diaria.

Moitas das aprendizaxes que os nenos e nenas fan na súa etapa escolar e que máis adiante lles axudarán a desenvolverse na sociedade como plenos adultos conséguense a través da lecto-escritura.

Con frecuencia considerouse que ler é decodificar o que está escrito, dando por suposto que, unha vez que o lector pode ler todas as palabras dun texto, a comprensión está asegurada.

Na actualidade, tanto as aportacións feitas dende a perspectiva cognitiva como as efectuadas polas que se coñecen como ciencias da linguaxe permítenos ter unha visión máis complexa e rica acerca da lectura do texto escrito.

Ler enténdese hoxe como un acto de comunicación, durante o cal dialogamos ou interactuamos co texto escrito para construír o noso propio sentido do mesmo. Así pois, ler é un proceso intelectual complexo durante o cal situámonos como receptores activos do que o autor ou autora quixeron comunicar. Somos receptores activos porque para comprender a mensaxe do texto escrito necesitamos poñer en marcha tarefas mentais complexas, moito máis alá da mera decodificación.

Nese senso, o proxecto OCDE/PISA define a lectura como “a capacidade non só de comprender un texto senón de reflexionar sobre o mesmo a partir do razoamento persoal e as experiencias propias”.

Debido a isto, moitos cren que a propia comprensión lectora é unha tarefa de Educación Primaria, pero hai estudos que confirman que non, que se debe comezar a traballar moito antes. Dende Educación Infantil os nenos e nenas interésanse polos libros, por escoitar atentamente contos, por “lelos” eles/as mesmos/as,... así que é dende ese intre cando se debe potenciar ese gusto por ler e comprender o que se le ou nalgúns casos o que se escoita.

2.- Análise da situación da lectura e da escritura no centro:

No noso centro atopámonos principalmente con alumnado de Educación Infantil e en menor medida con nenos e nenas de 1º e 2º de Educación Primaria; polo que a lectura e escritura cobran verdadeira importancia.

Dende moi pequeno/a o neno/a descóbrese nun mundo onde a palabra escrita aparece continuamente ao seu redor (etiquetas de produtos, contos, revistas, no móbil, carteis na rúa,...) e interactúa cos significados deses textos.

A escola, dende a escolarización do neno/a na etapa de Educación Infantil, debe fomentar esa relación co mundo da linguaxe escrita, partindo da base de que o coñecemento desta e o coñecemento do código son dous saberes distintos con desenvolvementos propios e diferentes, polo que o ensino e aprendizaxe de ámbolos dous aspectos débense traballar paralelamente.

Independentemente do coñecemento do código que teñan os nenos e nenas, é preciso propoñerlle actividades en contextos significativos nos que apareza, de forma evidente, o valor funcional da linguaxe escrita. Considérase ademais que a mellor forma de aprender o código é intentando ler ou escribir algo con significado para o neno/a e que sexa do seu interese. Desta forma a aprendizaxe do código, necesario para comprender o que lemos, deixar de ser algo descontextualizado para incluírse en marcos significativos.

Nas diferentes aulas lévanse a cabo actividades diversas e variadas de cara á práctica lectora e escritora do alumnado a través dunha metodoloxía flexible, adaptada ás necesidades e características de cada neno/a, globalizada e incidental, calquera momento é bo para aprender. E para iso valémonos dos diferentes momentos da xornada (assemblea, xogo libro, recantos,...), dos diferentes espazos da aula (mesas e cadeiras, cortizo, recuncho da biblioteca,...), así como dos diferentes agrupamentos (gran grupo, pequeno grupo, parellas e/ou individual). Así mesmo, traballamos estes aspectos curriculares tanto de forma individual, como por exemplo a lectura, como de forma conxunta.

A realidade coa que nos atopamos nas aulas é que hai un gran número de nenos e nenas cunha seria falta de atención, o cal repercute de xeito importante na adquisición da lecto-escritura. Isto debemos solventalo traballando á par da lectura e escritura, a propia atención para lograr que sexa mellor.

Outra das dificultades coas que nos atopamos é que o alumnado de hoxe en día son nenos e nenas tecnolóxicos os cales demandan estas ferramentas e os cales precisan de constante motivación innovadora para captar a súa atención e que estean ilusionados ante a actividade proposta.

Ademais, nalgunhas aulas que son mixtas, é dicir, conviven xuntos nenos dende 4º de Educación Infantil ata 2º de Educación Primaria, xorde un importante problema, a dificultade de realizar lecturas diarias cos nenos e nenas de Primaria debido a que os ritmos de aprendizaxe e de traballo son moi distintos nas dúas etapas. Non se trata só do feito de que lean, senón de traballar con eles/as aspectos como a fluidez lectora, entoación, pausas,... á vez que os de educación infantil están realizando algunha actividade ou en recantos. Isto fai que as distraccións aumenten e os nenos e nenas de primaria teñan maiores dificultades de concentración. Pola contra, nas aulas que só son de Educación Primaria esta dificultade non existe xa que poden manter lecturas silenciosas, colectivas, con modelado da mestra,... sen outras dificultades.

3.- Marco conceptual e xustificación:

Enténdese o Proxecto Lector de centro como un documento a medio prazo no que, en base ás necesidades de lectura do contexto, articúlanse todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado titor e das distintas áreas, e incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha.

Por outro lado e atendendo á necesidade de incorporar a perspectiva de xénero como medio para impulsar a igualdade real e efectiva enténdese que o Proxecto Lector móstrase como unha oportunidade inmejorable para superar as desigualdades sociais e económicas nas que poida estar inmerso o alumnado.

Ademais a literatura transmite unha ideoloxía. En cada libro que se facilita ao alumnado hai mensaxes que se incorporan á concepción do mundo que están desenvolvendo. Por isto, é necesario evitar caer en prexuízos, estereotipos e infravaloracións; e ofrecer, en cambio, modelos de relación baseados no respecto e coñecemento mutuo, o entendemento e o diálogo.

Por todo isto é fundamental que todo o profesorado chegue a unha serie de acordos que permitan que o camiño sexa máis sinxelo, a tarefa máis gratificante e os resultados os mellores posibles. Este feito xustifica a necesidade de elaborar un Proxecto Lector que recolla dende a forma na que pretendemos que o noso alumnado se achegue á aprendizaxe da lectoescritura ata o modo no que vamos a intentar despertar nel o gusto por ler, inventar historias, escribilas e contarllas aos demais.

Sabemos que si queremos conseguir todo isto debemos ter tempo e constancia, realizar unha serie de actividades que dirixa a nosa acción educativa e que estean encamiñadas a fomentar a biblioteca de centro, as bibliotecas de aula e todas aquelas actividades diarias e extraordinarias que nos axuden a obter unha formación para tal fin.

Seguindo nesta liña, o presente Proxecto lector conta cunha serie de funcións:

- Axudar á sistematización das actividades a prol da lectura.
- Ofrecer unha oportunidade para repensar as prácticas pedagóxicas relativas á cultura escrita e mellorar a calidade do ensino.
- Ser a referencia para a programación do Plan Anual de Lectura que se debe incorporar á Programación Xeral Anual.

4.- Requisitos:

Na consecución do desenvolvemento deste Proxecto Lector é preciso contar cunha serie de requisitos:

4.1.- Profesorado:

É fundamental que no deseño e desenvolvemento do Proxecto Lector participe todo o profesorado das distintas áreas, así como os titores/as. Ademais as actividades previstas débense integrar nas diversas programacións.

Non obstante cada ano débese conformar un equipo de biblioteca formado por un 25% do claustro o cal debe asumir a proposta de actividades. Débese primar que parte do equipo sexan mestres e mestras con destino definitivo no centro para facilitar así a continuidade das propostas da biblioteca.

Neste equipo hai unha persoa coordinadora a cal ten como funcións as seguintes, seguindo a Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes:

- Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.
- Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
- Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares.

4.2.- Biblioteca escolar:

A biblioteca escolar é un recurso educativo imprescindible para a consecución dos obxectivos deste plan. Facilita o acceso aos recursos informativos e culturais necesarios nos procesos de ensino e aprendizaxe, favorece un uso contextualizado das tecnoloxías da comunicación e da información e resulta imprescindible para a capacitación e o fomento da lectura, de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes.

Ter unha boa biblioteca no centro e facer un uso adecuado dela non é tarefa doada, pois require unha organización, unha distribución espacial e temporal, e unha concepción colectiva da finalidade e sentido que o seu uso ten.

Así pensada, a biblioteca escolar é un recurso idóneo para impulsar a comprensión, uso, reflexión e traballo sobre distintos tipos de textos e/ou xéneros discursivos, así como para establecer unha adecuada diversidade de situacións comunicativas, como complemento primordial do traballo na aula.

Entón a biblioteca escolar é o espazo idóneo para achegarse a unha pluralidade de textos e a unha gran variedade de finalidades de lectura (atopar un dato, realizar un traballo en profundidade,...). Igualmente, considérase un centro de documentación e recursos para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe, que contribúe ao cambio metodolóxico dos/as docentes e ao desenvolvemento da autonomía do alumnado, especialmente nos procesos de recepción e produción de textos, de investigación e de comunicación.

Neste senso, é de interese que as bibliotecas estean dotadas de distintos tipos de materiais e recursos (contos, relatos, cómics, obras de teatro, cancións, poemas, debuxos, fotografías, biografías,...), en diferentes formatos e soportes (visuais, sonoros, audiovisuais, informáticos, papel,...).

Hoxe en día as bibliotecas son tamén laboratorios de aprendizaxe, lugares cheos de recursos tecnolóxicos que nos axudan no proceso de alfabetización múltiple.

Ademais é fundamental o uso da biblioteca como lugar de disfrute, investigación, documentación e consulta, é dicir, como un espazo de formación integral e enriquecemento persoal, non só do alumnado senón tamén do profesorado e das familias. A biblioteca, así entendida, convértese nun espazo motivador para todos os membros da comunidade educativa.

Tamén é importante a relación da biblioteca de centro coas bibliotecas de aula, das que falaremos a continuación, con outras bibliotecas do concello, que teñan entre as súas finalidades a mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector; así como coas actividades extraescolares e complementarias propostas tanto por parte do profesorado como pola Asociación de Nais e Pais do Alumnado.

Falando xa da nosa Biblioteca, trátase dun espazo pequeno, duns 35 m² situada no edificio da sede do CRA de Rianxo, en Asados.

O concello de Rianxo é amplamente recoñecido por ter aportado á cultura e á historia de Galicia un número significativo de personaxes ilustres, destacando a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, médico, político, escritor, debuxante, pintor,... A nosa biblioteca leva por nome “Amigos e Amigas de Daniel”, xa que coa compañía de Daniel, Daniel Castelao pretendemos que os nenos e nenas accedan a distintas facetas da realidade social e cultural.

Este espazo sufriu unha importante renovación no verán do 2018, cambiando o chan e portas e pintándose as paredes. A raíz desta obra, o equipo de biblioteca aproveitou para cambiar a disposición dos fondos, revisar a catalogación e se fose preciso expurgar libros en deterioro ou que non eran de interese e dotar de novo mobiliario á biblioteca, a través da partida económica do PLAMBE recibida no curso 2019-2020. Con esta idea quixemos converter a biblioteca nun espazo aberto, cálido e familiar.

Dentro da biblioteca podemos atopar diferentes espazos:

- **Estantes cos fondos bibliográficos** distribuídos por seccións:
 - Primeiros pasos entre libros: conxunto de libros destinados ao alumnado de 2-3 anos con formato de páxinas de cartón, pouca letras, grandes debuxos, pop-ups,...
 - Primeiros lectores: libros en lingua galega para lectores principiantes, de 1º e 2º de Educación Primaria; incluíndo coleccións para facer lecturas colectivas na aula.
 - Primeros lectores: libros en lingua castelán para lectores principiantes, de 1º e 2º de Educación Primaria; incluíndo coleccións para facer lecturas colectivas na aula.
 - Diversidade: variedade de contos para o alumnado que tratan a atención á diversidade: escritos en braille, con pictogramas, sobre síndromes, distintas familias, nenos/as estranxeiros,...
 - Emocións: variedade de contos para traballar as emocións, o que estas nos producen e o que podemos facer sentir aos demais coas nosas accións.
 - Contos - Kalandraka: editorial da que temos moitos fondos e resúltanos moi doado telos todos xuntos. Están ordenados alfabeticamente.
 - Contos - Oqo: editorial da que temos moitos fondos e resúltanos moi doado telos todos xuntos. Están ordenados alfabeticamente.
 - Contos - varios: contos en galego para Educación Infantil e Primaria de diversas editoriais. Están ordenados alfabeticamente.
 - Cuentos - varios: contos en castelán para Educación Infantil e Primaria de diversas editoriais. Están ordenados alfabeticamente.

- Contos – Os Bolechas: varias coleccións destes libros en galego.
- Poesía en galego: libros de poesía para infantil e primaria en galego.
- Poesía en castelán: libros de poesía para infantil e primaria en castelán.
- Cómic, adiviñas e teatro: obras en galego e castelán que recollen estes xéneros.
- As nosas producións: recanto onde gardamos libros creados polo propio alumnado.
- Escola de familias: recursos dirixidos ás familias para tratar temas como a sobreprotección, as normas no fogar, a educación,...
- A muller: conxunto de recursos para traballar o feminismo e a importancia da muller.
- Adultos: fondos dirixidos á idade adulta.
- Patrimonio: recursos sobre o patrimonio galego e en concreto de Rianxo.
- Arte: libros, fotografías, biografías de pintores,...
- Cociña: recetarios, libros sobre a importancia da alimentación saudable,...
- Animais: conxunto amplo de recursos para traballar os animais tanto en infantil como en primaria.
- Natureza: conxunto amplo de recursos para traballar a natureza (praias, selva, sabana, árbores, plantas, flores,...) tanto en infantil como en primaria.
- Corpo humano: conxunto de recursos para traballar o corpo humano (os diferentes sistemas, sentidos,...) tanto en infantil como en primaria.
- Ciencia: conxunto de recursos para traballar a ciencia (experimentos, libros de preguntas,...) tanto en infantil como en primaria.
- Vídeos - Música: recursos para que os nenos e nenas escoiten, canten e bailen coa música; así como algunhas películas.
- Inglés: libros noutro idioma, neste caso en inglés.
- Relixión: recursos para traballar a relixión católica.
- Xogos e manualidades: libros que traballan principalmente a creación de manualidades empregando diferentes materiais e potenciando a reciclaxe.
- Enciclopedias: lugar onde están os dicionarios e enciclopedias.
- **Zona de mesas**: hai varias mesas con cadeiras infantís para que o alumnado poida estar sentado lendo un conto ou facendo algunha actividade proposta.
- **Zona TIC**: lugar onde está situado o ordenador, os escornabot, pizarra dixital, legos, material para levar a cabo as actividades,...
- **Zona de lectura libre**: tanto no chan como nos sofás cos que conta a biblioteca foméntase momentos de lectura libre.

- **Zona de entrada:** ademais dos estantes para os abrigos está situado un gran estante onde se colocan os libros a destacar en función dos meses, das conmemoracións,...

Esta biblioteca forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares dende o ano 2011, polo que todos os anos recibe unha dotación económica para mercar novos fondos. Ademais no curso 2019-2020 recibiu unha dotación económica para renovar o mobiliario e equipamento, podendo facer a biblioteca un lugar máis cálido e moderno.

No curso escolar 2018-2019 dotouse como unha biblioteca inclusiva, é dicir, ao alcance de todo o alumnado sen importar as necesidades específicas de apoio educativo de cada un/unha; para iso dotamos de numerosos fondos que traballan a diversidade, así como que o acceso fose amplo. O único que quedou sen modificar son os aseos, que non están adaptados.

E no curso 2019-2020 comezou a súa andaina polo mundo das bibliotecas creativas, dotando á biblioteca con catro escornabots, os cales foron construídos por parte do profesorado e algúns nenos e nenas e postos á disposición das aulas para traballar con eles con distintos taboleiros, creados en algo tan sinxelo como unha cartolina dividida en cuadrículas de 10 cm x 10 cm, con imaxes e por riba un plástico.

Sinalar que os obxectivos fundamentais desta biblioteca creativa son os seguintes:

- Apoiar a introdución, dentro da biblioteca escolar, dun lugar de creación e experimentación que aporte ao alumnado os recursos e materiais axeitados.
- Estimular a iniciación do alumnado de infantil e primaria no campo da robótica e na linguaxe de programación a través de actividades manipulativas e outras, programadas desde a biblioteca escolar, mediante a utilización de pequenos robots, os escornabots, deseñados dentro dun proxecto de hardware libre, cunha evolución aberta á comunidade.
- Buscar, así mesmo, ampliar as linguaxes presente na biblioteca, promover a expresión oral, a alfabetización múltiple, o razoamento lóxico, a aprendizaxe manipulativa, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado.

4.2.1.- Bibliotecas de Aula:

En todos os centros as bibliotecas de aula teñen certa importancia, pero no noso centro estas cobran aínda moita máis relevancia, debido a que os nenos e nenas non poden acudir diariamente á biblioteca central. Enténdense así as bibliotecas de aula como brazos que se estenden desa biblioteca central. En total no CRA de Rianxo hai tantas bibliotecas de aula como aulas teña ese curso escolar o centro.

A organización e distribución da biblioteca de aula depende de cada escola, pero en xeral todas contan cun gran variedade de fondos adaptados aos niveis educativos que haxa nesa escola,

como contos, álbums ilustrados, folletos, contos creados polo propio alumnado, revistas, libros de investigación, libros sobre animais, libros de poesía, de arte,... Moitos son propios da aula e outros son da biblioteca “Amigas e Amigos de Daniel” que as mestras e mestres collen prestado e despois dun tempo intercambian por outros libros.

Estas bibliotecas de aula empréganse como:

- **Puntos de encontro:** en case todas as aulas hai unha lectura conxunta diaria dun conto por parte da mestra ou mestre, a cal se soe facer neste recanto para así contextualizar a actividade e que os nenos e nenas sentan que está na propia biblioteca.
- **Centro de recursos:** a biblioteca é un centro de recursos para o profesorado e para o alumnado, xa que é alí onde se soen situar todos os xogos relacionados coa lectura-escritura, ademais de todos os contos, libros de poesía, de arte,... Entón no momento que precisemos algo disto só hai que dirixirse á biblioteca. Ademais funciona como un centro de investigación, xa que os libros axúdannos a aprender cousas que non sabiamos e que podemos investigar neles.
- **Zona de lecer:** en todas as aulas os nenos e nenas teñen un momento diario, que pode variar entre 10-30 minutos para lectura libre e individual. Neste momento os nenos e nenas poden coller libros, lelos, mirar revistas,... ou realizar algún outro xogo que ten que ver coa lectoescritura como letras imantadas no encerado, escribir no propio encerado con rotuladores, bandexas de preescritura onde na area poden escribir as letras que queiran, dominós de asociación palabra-imaxe, quebracabezas con letras,... Ademais os nenos de primaria teñen un tempo despois do recreo de lectura silenciosa ou colectiva, tal e como recolle a lexislación vixente.

As actividades que se fan na biblioteca de aula son variadas e moitas delas están incluídas no apartado sexto de intervencións precisas; non obstante debemos destacar unha xa que se fai xeneralizada en todo o centro, o préstamo semanal de contos. Na escola escóllese un número de contos igual ou superior ao do alumnado e cada venres os nenos e nenas escollen un para levar para as súas casas e gozar dun momento lector xunto coas súas familias- Despois deben devolver o conto á escola o luns e falar un pouquiño do mesmo. O seguinte venres collen outro diferente, así ata que levaron todos os elixidos previamente.

Moitos destes préstamos van acompañados dos cadernos de Daniel, onde os nenos e nenas nos seus fogares representan o que máis lles gustou do conto levado a través dun debuxo, a escritura do título e os máis maiores dun breve resumo.

5.- Obxectivos:

O obxectivo xeral que engloba o Proxecto Lector do noso centro é o seguinte “desenvolver habilidades e hábitos lectores mediante recursos variados que potencien a creatividade, a autonomía, o gusto e a satisfacción persoal pola lectura”.

Ademais trabállanse outros obxectivos, xerais e específicos e destinados a diferentes niveis:

- **Referidos á propia biblioteca:**

- Proporcionar apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Asegurar o acceso a unha ampla gama de recursos e servizos.
- Dotar ao alumnado das capacidades básicas para obter e usar unha gran diversidade de recursos.
- Habituar ao alumnado á utilización das bibliotecas con finalidades recreativas, informativas, creativas e de educación permanente.
- Desenvolver actitudes emocionais e positivas cara o uso da lectura no tempo de ocio, co servizo de préstamos.
- Organizar a biblioteca como un laboratorio de aprendizaxe constante.
- Organizar os recursos humanos e materiais para conseguir o máximo aproveitamento dos mesmos.
- Comunicar e informar das novidades lectoras e do novo material.
- Dotar a biblioteca de recursos que potencien os valores de solidariedade, tolerancia, igualdade de xénero, respecto das diferenzas e a non discriminación.
- Ofrecer a posibilidade de manipulación na Biblioteca de centro e aula con diferentes libros en distintos formatos.

- **Referidos á comunidade educativa:**

- Apreciar o valor da lectura e empregala como fonte de desfrute e información, á vez que de riqueza persoal.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación como medio de aprendizaxe, de expresión e fonte de consulta.
- Empregar os recursos bibliográficos como acceso ao descubrimento doutros mundos tanto en sentido físico como de pensamento.
- Participar de forma activa na dinámica do centro.

- Estimular a concepción do profesor como investigador.
 - Fomentar o uso e aprecio das familias da biblioteca como centro de documentación e lugar de formación.
 - Facilitar que o alumnado participe nas actividades complementarias e extraescolares propostas dende as bibliotecas.
 - Favorecer que as familias se convertan en modelos de bos lectores e lectoras e contribúan a estimular a lecturas dos seus fillos e fillas no tempo de lecer.
- **Referidos ao profesorado:**
 - Desenvolver no alumnado as competencias que lle permitan acceder á lectura, practicala habitualmente e desfrutar co seu uso.
 - Utilizar na resolución de problemas sinxelos os procedementos para obter a información pertinente e desenvolver os pasos necesarios para encontrar a solución adecuada.
 - Empregar estratexias de comprensión lectora para obter información.
 - Desenvolver a comprensión e expresión oral conforme ao momento evolutivo do alumno/a.
 - Utilizar as bibliotecas de aula como unha fonte de enriquecemento cultural, como unha fonte de información e á vez gratificante; así como para expresar os sentimentos e ideas.
 - Ensinar a valorar, respectar e coidar o material bibliográfico da biblioteca.
 - Implicar ás familias no Proxecto Lector.
 - Crear un clima positivo, ameno, lúdico e favorable cara a lectura.
 - Potenciar a través da lectura a construción de valores sociais como a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto das diferenzas e a non discriminación.
 - Fomentar no alumnado unha actitude reflexiva e crítica sobre o lido.
 - Ofrecer ao alumnado lecturas que contemplan modelos non estereotipados que lles permitan visualizar outros roles alternativos aos tradicionais asignados segundo o sexo.
 - Conseguir que a lectura sexa un medio de educación emocional e en valores que permita previr condutas violentas.
 - Potenciar no alumnado o inicio na robótica e programación, potenciando así unha alfabetización múltiple.

- **Referidos ao alumnado:**

- Educación Infantil:

- Utilizar a biblioteca para a busca de información, aprendizaxe e como fonte de pracer.
- Exercitar a atención e a memoria.
- Prestar e recibir libros da biblioteca de aula e do centro.
- Mostrar iniciativa e interese por participar en situacións comunicativas.
- Mellorar a expresión oral.
- Ampliar o vocabulario a través de diferentes tipos de texto.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados a súa idade.
- Experimentar a biblioteca como lugar máximo de encontro cos libros e co resto da comunidade educativa.
- Establecer un primeiro contacto co seu amigo o libro de forma lúdica.
- Adquirir hábitos relacionados co comportamento que debe manter na biblioteca.
- Despertar o interese e gusto pola lectura.
- Tomar contacto con distintos tipos de texto (contos, poesías, rimas, adiviñas, receitas,...)
- Descifrar mensaxes sinxelas con distintos códigos dependendo da idade e o momento de madurez do alumno/a (imaxes, palabras,...).
- Desenvolver o pracer por oír e mirar contos cando o adulto le.
- Mostrar actitude de escoita activa polos textos de tradición cultural.
- Reproducir algúns textos orais e escritos de tradición cultural: contos, poemas, trabalinguas, adiviñas, refráns,...
- Mostrar unha actitude de respecto e coidado no manexo dos libros.
- Identificar, analizar e reflexionar prexuízos e condutas sexistas nas mensaxes que chegan a través dos medios da comunicación e da publicidade, así como nos propios libros.
- Iniciarse nas ferramentas que nos achegan á robótica e á programación.

- Educación Primaria:

- Utilizar a biblioteca para a busca de información, aprendizaxe e como fonte de pracer.
- Exercitar a atención e a memoria.

- Prestar e recibir libros da biblioteca de aula e do centro.
- Mellora a expresión oral e escrita.
- Comprender distintos tipos de textos en diferentes soportes, adaptados a súa idade e ao seu grao de madurez.
- Ler con fluidez e entoación adecuada.
- Pronunciar correctamente.
- Utilizar o dicionario.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.
- Aprender a buscar información en internet.
- Desenvolver habilidades de lectura crítica e interpretativa.
- Ler de forma autónoma e con asiduidade.
- Empregar a lectura comprensiva como ferramenta para obter información de distintas fontes.
- Desenvolver e empregar as bibliotecas de aula, así como a do centro.
- Manter o interese e o gusto pola lectura a través de distintos tipos de texto (contos, rimas, adiviñas, cómics, poemas,...).
- Ser quen de contar unha historia ou expresar a súa idea principal despois de escoitala ou lela.
- Realizar pequenas producións escritas que sexan o resultado dunha lectura agradable e divertida.
- Desenvolver a capacidade de imaxinación e creatividade a través da lectura.
- Potenciar tanto a lectura silenciosa como cooperativa, fomentando así a escoita activa.
- Dramatizar contos, poesías, diálogos, conversacións para potenciar a expresión oral, entoación e comunicación.
- Levar a cabo ditados de diferentes tipos de textos (narracións, poesías, cancións,...) para que se familiaricen cos mesmos.
- Mostrar actitude de escoita activa e de lectura polos textos de tradición cultural.
- Reproducir algúns textos orais e escritos de tradición cultural: contos, poemas, trabalinguas, adiviñas, refráns,...
- Fomentar a comprensión lectora empregando a linguaxe matemática como recurso, a través de problemas, conceptos e actividades.

- Identificar, analizar e reflexionar prexuízos e condutas sexistas nas mensaxes que chegan a través dos medios da comunicación e da publicidade, así como nos propios libros.
- Desenvolver un pensamento abstracto.
- Manexar as ferramentas que nos achegan á robótica e á programación.

6.- Intervencións precisas:

Neste apartado integramos todas as accións asociadas á mellora da comprensión lectora, programas de animación á lectura, o plan de organización e dinamización da biblioteca escolar, itinerarios lectores,... mediante un conxunto de medidas curriculares e organizativas encamiñadas a potenciar e desenvolver no alumnado, tanto educación infantil como primaria, aquelas competencias necesarias para practicar habitualmente a lectura, desfrutar lendo e adquirir os coñecementos culturais ou científicos de forma eficaz.

- **Actividades de Organización e Xestión:**
 - Constitución cada curso escolar do novo equipo de biblioteca: responsable da biblioteca e equipo de apoio.
 - Elaborar en colaboración coa xefatura de estudos o horario de apertura da biblioteca.
 - Realizar reunións periódicas, polo menos unha ao mes, para coordinarse nas actividades programadas.
 - Pasar cuestionarios ao profesorado, alumnado e familias para coñecer as súas preferencias e/ou gustos.
 - Adquirir e renovar fondos en distintos soportes.
 - Revisar o Programa Meiga, completando e corrixindo se hai algún fondo mal catalogado ou é de nova adquisición.
 - Buscar o equilibrio entre os xéneros máis e menos solicitados.
 - Facilitar a todo o alumnado e profesorado un carné de usuario, así como un por aula.

- **Actividades para o fomento da lectura:**
 - Xerais:
 - Dedicar como mínimo media hora diaria a ler en clase, durante horas lectivas, de maneira individual e colectiva.
 - A lectura debe ir ligada á expresión oral e a escritura (expresión escrita).
 - Préstamos de libros.
 - Realización de traballos específicos dos libros lidos por parte do alumnado onde se recollan diferentes técnicas: plástica, ortografía, vocabulario, datos bibliográficos, opinións persoais,...
 - Rexistro do hábito lector para que o alumnado poida observar a súa evolución.

- Contacontos por parte do profesorado os martes pola tarde.
 - Contacontos por parte das familias os martes pola tarde.
 - Visita dalgún autor/a e/ou ilustrador/a dalgún libro lido ao centro.
 - Actividades lectoras relacionadas con conmemoracións (día da paz, da muller,...).
 - Revisar xornais para facer un conto con algunha noticia.
 - Escenificar e dramatizar contos.
 - Visitar museos.
 - Visitar outras bibliotecas, como a municipal de Rianxo.
 - Asistir a espectáculos musicais e teatrais.
 - Elaboración de guías de lectura recomendadas.
 - Levar a cabo sesións trimestrais na biblioteca “Amigas e Amigos de Daniel”.
 - Mochilas viaxeiras con fondos para toda a familia.
 - Cadernos “Amigas e amigos de Daniel” onde os nenos/as poden debuxar, escribir o título dos contos, escribir resumos dos libros, relacionalo co PDI do centro,...
 - Exposicións mensuais na biblioteca centra en torno a unha temática: outono, Samaín, día da non violencia de xénero, día da discapacidade, nadal, día da paz, día de Rosalía de Castro, entroido, día da muller, semana do libro, día das letras galegas, día do medioambiente,...
 - Empregar as novas tecnoloxías, destacando os escornabots, na lectura.
- Relacionadas coa coeducación:
- Identificar aos personaxes masculinos e femininos das historias e analizar as cualidades que se lle atribúen a uns e outros.
 - Reflexionar sobre os comportamentos típicos asignados por sexos nos contos tradicionais.
 - Darlle a volta aos textos discriminativos ou sexistas utilizando estes para facer debates sobre o que foi e debeu ser.
 - Contar o conto cambiando o sexo do ou da protagonista, facendo unha análise do mesmo.
 - Engadir características novas que nos gustaría que tiveran os personaxes dando igual o sexo atribuído.
 - Recuperar historias, feitos, acontecementos a través das avoas, nais, tías,... que falen da vida das nosas antepasadas.

○ Actividades para Educación Infantil:

- Xogos de discriminación auditiva (audición de sons gravados, reproducilos, recordalos,...).
- Xogos verbais.
- Observación de láminas de linguaxe.
- Lectura de imaxes (nomear a imaxe, sons vocálicos, sons fonéticos,...).
- Exercicios de reflexión como “Que fixeches onte pola tarde?” “Que ceaches?”.
- Narración de contos.
- escoita de contos.
- Comprensión oral dos contos a través de preguntas sinxelas.
- Recordar ente todos as actividades propostas polo mestre/a ou que hai que levar a cabo na asemblea.
- Dramatizacións de contos.
- Traballar poesías, adiviñas, trabalinguas, cancións, podendo memorizar algún anaquiño.
- Lectura de contos con pictogramas, viñetas ou debuxos específicos.
- Repetir oracións.
- Iniciar na lectura individual de contos.
- Uso libre da biblioteca de aula.
- Facer un debuxo despois de ler os contos.

○ Actividades para 1º e 2º de Educación Primaria:

Nestes cursos o máis característicos é que as actividades para a animación á lectura comezan para un neno non lector e se enriquezan e varían cara un que domina a lecto-escritura.

- Lectura diaria individual, tanto en voz alta como silenciosa.
- Lectura colectiva.
- Lectura semanal por parte da mestra ou mestre dun conto ou escóitase dunha gravación.
- Facer preguntas básicas orais e/ou escritas sobre o conto lido, traballando así a comprensión.
- Facer resumos escritos sobre o conto lido.
- Creación de recompensas que estimulen e gratifiquen o esforzo realizado, como diplomas, mencións especiais,...
- Facer teatro lido na aula ou nas escolas que hai dúas aulas, na do lado.

- Xogos de agudeza visual e discriminación de sons.
- Actividades de velocidade lectora.
- Lectura no libro de texto das diferentes materias.
- Sopas de letras.
- Crucigramas.
- Uso libre da biblioteca de aula.
- Lectura obrigada de dous títulos ao trimestre con preguntas de comprensión lectora.
- Escritura dos seus propios contos para lelos despois na aula e as súas familias.
- Iniciación no uso do dicionario.
- Contarlles contos aos propios compañeiros/as.
- Aprender poesías, cancións, rimas,...
- Escribir e ler cartas, correos electrónicos, receitas de cociña,...
- Pensar en situacións análogas a episodios do texto e vividas por eles/as.
- Dramatizar as escenas do texto creando os diálogos.
- Describir aos personaxes: imaxinar como se senten fronte a unha situación dada.
- Entrevistar a un personaxe do texto, para o cal deben preparar a entrevista.
- Situarse na época, lugar ou momento no cal transcorre a historia.
- Dramatizar o texto a través de títeres, teatro de mimos, marionetas,...
- Coavaliar a produción explicando o que lles gustou a cada un.
- Utilizar organizadores gráficos para: identificar a información importante do texto, buscar as relacións que se establecen entre as ideas principais e os detalles que as sustentan, identificar os termos e/ou conceptos clave.
- Xogar coa linguaxe para desenvolver a imaxinación e fantasía.
- Facer xogos fonéticos coas palabras.
- Traballar oralmente o folklora infantil: actividades de recitado de poesías e retahílas, cantado de cancións, contar contos, anécdotas, relatos,...
- Lectura de parellas cooperativas: en parellas comparten un libro e segundo len o que segue a lectura está pendente do compañeiro/a, de maneira que se este/a se equivoca ao ler a parella avísao cun suave toque no ombro e sinalando onde estaba o erro.
- Concursos de poesías, cancións e adiviñas.
- Xogo da “lista da compra”. En grupos, pensamos que cousas poderíamos mercar no supermercado para esta semana, para cociñar determinada comida,... e escribímola. Serviría con “cousas que nos levaríamos a unha illa deserta”, “para as vacacións”,...
- Anotar os aniversarios do alumnado da clase.

- Inventar un conto ente toda a clase e escribilo.
 - Xogar ao bingo de imaxes con palabras.
 - Ordenar oracións.
 - Ensalada de palabras: a mestra/e saca unha tarxeta cunha palabra e o alumnado busca as palabras que empecen coa mesma letra, ou da mesma familia,...
- Dentro das intervencións debemos resaltar os propios **itinerarios lectores**, os cales neste documento son máis xerais e se van concretando ano tras ano, en función do Proxecto Documental Integrado traballado no centro:
 - Educación Infantil:
 - A árbore da escola (Autor: Antonio Sandoval; Editorial: Kalandraka).
 - A bruxa regañadentes (Autora: Tina Meroto; Editorial: OQO).
 - A cousa que máis doe do mundo (Autor: Paco Liván; Editorial: OQO).
 - A figueira de Pelostortos (Autora: Ana García Castellano; Editorial: OQO).
 - A máscara do león (Autora: Margarita del Mazo; Editorial: OQO).
 - A mellor sopa do mundo (Autora: Susanna Isern; Editorial: OQO).
 - A min non me comas! (Autora: Margarita del Mazo; Editorial: OQO).
 - A nena e o grilo (Autor: Magin Blanco; Editorial: Fol Música).
 - A que sabe a Lúa? (Autor: Michael Grejniec; Editorial: Kalandraka).
 - Así es mi corazón (Autora: Jo Witek; Editorial: Bruño).
 - Canta o cuco (Autora: Uxía Senlle; Editorial: Galaxia).
 - Carabuñas (Autora: Margarita del Mazo; Editorial: OQO).
 - Chivos Chivóns (Autora: Olalla González; Editorial: Kalandraka).
 - Cocorico (Autora: Marisa Núñez; Editorial: OQO).
 - Corre corre cabaciña (Autora: Eva Mejuto; Editorial: OQO).
 - Croco (Autor: Roberto Aliaga; Editorial: OQO).
 - De que cor é un bico (Autora: Rocío Bonilla; Editorial: Algar).
 - El cazo de Lorenzo (Autora: Isabelle Carrier; Editorial: Juventud).
 - El grufalo (Autora: Julia Donaldson; Editorial: Bruño).
 - Elmer (Autor: David McKee; Editorial: Beascoa).
 - Fiz, o coleccionista de medos (Autora: Fina Casalderrey; Editorial: OQO).
 - La montaña de libros más alta del mundo (Autora: Rocío Bonilla; Editorial: Algar).
 - La ovejita que vino a cenar (Autor: Steve Smallman; Editorial: Beascoa).
 - La vocecita (Autor: Michael Escoffier; Editorial: Kókinos).

- Lágrimas bajo la cama. (Autora: Ana Meilán García; Ed.: Entre Nubes y Cuentos).
 - Las jirafas no pueden bailar (Autor: Giles Andreae; Editorial Bruño).
 - Loboferoz (Autor: Patacrúa; Editorial: OQO).
 - Los lobos que vinieron a cenar (Autor: Steve Smallman; Editorial: Beascoa).
 - Maruxa (Autora: Eva Mejuto; Editorial: OQO).
 - Non fai falta a voz (Autor: Armando Quintero; Editorial: OQO).
 - O carnaval dos animais (Autor: Jose Antonio Abad; Editorial: Kalandraka).
 - O coelliño Branco (Autor: Xosé Ballesteros; Editorial: Kalandraka).
 - O libro dos porcos (Autor: Anthony Browne; Editorial: Kalandraka).
 - O monstro de cores (Autora: Anna Llenas; Editorial: Flamboyant).
 - O monstro de cores vai ao cole (Autora: Anna Llenas; Editorial: Flamboyant).
 - Orelas de Bolboreta (Autora: Luisa Aguilar; Editorial: Kalandraka).
 - Os tres osos. (Autor: Xosé Ballesteros; Editorial: Kalandraka).
 - Parece unha rosa (Autora: Rosalía de Castro; Editorial: Espiral Maior).
 - Rosa Caramelo (Autora: Adela Turin; Editorial: Kalandraka).
 - Rosalía Pequeniña (Autora: Uxía Senlle; Editorial: Galaxia).
 - Un agasallo diferente (Autora: Marta Azcona; Editorial: Kalandraka).
 - Wangari e as árbores da paz (Autor: Antonio Sandoval; Editorial: Ekaré).
 - Xaime e as landras (Autor: Tim Bowley; Editorial: Kalandraka).
- Educación Primaria:
- Todos os mencionados para Educación Infantil.
 - A galiña azul. (Autor: Carlos Casares; Editorial: Galaxia).
 - A lo bestia (Autora: Mar Benegas; Editorial: Litera Libros).
 - Bailar nas nubes. (Autora: Vanina Starkoff; Editorial: Kalandraka).
 - Cartas a Ratón Pérez (Autora: Antonia Rodenas; Editorial: Anaya).
 - Chove nos versos (Autor: Antonio García Teijeiro; Editorial: Xerais).
 - Con el ojo de la I (Autora: Mar Benegas; Editorial: A buen paso).
 - Gato negro, gato blanco. (Autor: Andrés Guerrero; Editorial: Anaya).
 - En el Bosque del perezoso (Autora: Sophie Strady; Editorial: Hipòtesi).
 - Espantallo amigo (Autor: Xosé Neira Vilas; Editorial: Galaxia).
 - Fafarraios (Autora: Gloria Sánchez; Editorial: Xerais).
 - Las aventuras del capitán calzoncillos (Autor: Dav Pilkey; Editorial: SM).
 - Lolo anda en bicicleta (Autor: Carlos Casares; Editorial: Galaxia).

- Los poemas de Pillo (Autora: Sofía Balzola; Editorial: SM).
- Los traspies de Alicia Paf. (Autor: Gianni Rodari; Editorial: Anaya).
- Nadarín (Autor: Leo Lionni; Editorial: Kalandraka).
- O homiño de papel (Autor: Fernando Alfonso; Editorial: Everest).
- Os soños na gaiola (Autor: Manuel María; Editorial: Xerais).
- Poemar o mar (Autor: Antonio García Teijeiro; Editorial: Xerais).
- Poemas para pintar (Autora: Concha Blanco; Editorial: Sotelo Blanco).
- Rimas con letra (Autora: Gloria Sánchez; Editorial: Xerais).
- Roseira do teu mencer (Autor: Xosé M^a Álvarez Blázquez; Editorial: Xerais).
- Un cuento para el futuro (Autores: nenos e nenas de Andalucía; Editorial: Kalandraka).
- Ventos (Autor: Antonio García Teijeiro; Editorial: Xerais).
- Verbas de sal (Autor: Antonio García Teijeiro; Editorial: Xerais).
- 12 poemas de Federico García Lorca (Autor: Federico García; Ed.: Kalandraka).

7.- Seguimento e avaliación:

O seguimento e avaliación do Proxecto Lector considérase un elemento esencial porque permite a valoración do grao de consecución dos obxectivos propostos, das actuacións que se están levando a cabo ou que foron desenvoltas e dos recursos e medios (económicos, materiais e humanos) empregados; así como a realización de propostas de mellora.

A valoración do Proxecto debe ser continua, co fin de ir axustando os obxectivos e actuacións previstas, ás necesidades, demandas e problemáticas concretas do centro.

Para o seguimento e avaliación propónse a valoración dos obxectivos xerais propostos no mesmo, tendo en conta os eixos de actuación establecidos. Neste senso, valoraranse os seguintes **aspectos**:

- Grao de cumprimento dos obxectivos formulados.
- Repercusión do Proxecto Lector nos documentos do centro: Proxecto Educativo, Concreción Curricular, programacións de aula e das distintas áreas, e no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Relación do Proxecto Lector co Proxecto Lingüístico.
- Interrelación do Proxecto Lector con outros plans e programas que o centro poña en marcha.
- Repercusión do Proxecto Lector na mellora da competencia lectora e o hábito lector do alumnado.
- Utilización dos materiais e recursos asignados ao centro para a dinamización das bibliotecas escolares e a potenciación do hábito lector.
- Planificación e desenvolvemento de actuacións encamiñadas á mellora da ensinanza e aprendizaxe da lectura.
- Integración do uso das bibliotecas tanto na organización dos mesmos como no desenvolvemento das programacións didácticas e das programacións de aula.
- Creación dun ambiente e hábito lectores na comunidade educativa.
- Receptividade por parte do profesorado ante as propostas que se formulan neste documento.
- Dificultades atopadas no desenvolvemento dos obxectivos previstos.

A continuación detállanse os **instrumentos de avaliación**:

- Probas de avaliación de habilidade e competencia lectora dos alumnos/as.
- Observación directa do alumnado nas bibliotecas de aula e na biblioteca central.
- Preguntas ao profesorado sobre as bibliotecas, fondos e hábitos lectores.
- Enquisas relativas ao uso da biblioteca de centro e de aula e os hábitos de lectura por parte das familias. (pódese ver no seguinte enlace, onde a contrasinal é CRARIANXO:

https://docs.google.com/forms/d/1uT975oLbSF0BsWdjpxCs7bmGb_75NDL3e4oVy3jY24k/edit).

- Cuestionario sobre a situación da biblioteca. (Xúntase como anexo a este documento).
- Elaboración de estadísticas para comparación con datos posteriores.

Deberase facer unha reflexión con todas estas conclusións na memoria final de biblioteca no mes de xuño, que se inclúe na memoria final de curso e plasmar unhas propostas de mellora.



SITUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Cuestionario para a súa análise

Nome do Centro:	Data:
-----------------	-------

1. O ESPAZO FÍSICO

O centro conta cun espazo para uso exclusivo da Biblioteca Escolar : Si Non

A Biblioteca Escolar mide: entre 45 e 60 m² entre 60 e 90 m² entre 90 e 180 m² máis de 180 m²

1.1. Características	Si	Non
A situación no centro é a idónea		
Conta con acceso para persoas discapacitadas		
A sala de lectura é luminosa		
O espazo resulta acolledor		

1.2. Dentro da Biblioteca Escolar están habilitados diferentes espazos:

	Si	Non	Nº postos
Zona de lectura informal			
Recuncho adaptado ao alumnado de Educación Infantil			
Zona de traballo para pequenos grupos			
Zona de traballo para grandes grupos			
Zona de audiovisuais			
Postos informáticos			
Con acceso á rede			
Impresora tinta/laser (<i>indicar</i>)			

1.3. Mobiliario	Si	Non
O mobiliario é suficiente para as necesidades da biblioteca		
O mobiliario é axeitado á idade dos usuarios/as		
Os andeis permiten o acceso directo dos usuarios/as		
O mobiliario está en bo estado		
O mobiliario é suficiente para as novas incorporacións		

14. Utilización da Biblioteca Escolar	Si	Non
Existe un horario para o uso da Biblioteca Escolar por parte dos grupos-clase		
Contéplase horario de apertura con atención dun responsable-bibliotecario/a		
Contéplase horario de apertura baixo a responsabilidade do profesorado		
A Biblioteca conta cun horario de apertura fóra do período lectivo (<i>neste caso, indicar quen se fai cargo da biblioteca</i>)		

2. FONDOS		
2.1. Tipoloxía dos fondos	Si	Non
Existen obras de referencia, libros de consulta, enciclopedias, dictionarios...		
Existen textos de carácter didáctico dirixido ao profesorado		
Hai libros de literatura infantil e xuvenil		
Hai libros de literatura clásica		
Ademais de libros e outras publicacións escritas, existen:		
Discos/CD audio		
Casetes		
Cintas de vídeo		
DVD		
Diapositivas		
CD-Rom		
A Biblioteca conta con publicacións periódicas de carácter didáctico (<i>revistas</i>)		
Existen publicacións periódicas de carácter divulgativo e de lecer		
Están cubertas as necesidades de todas as áreas curriculares		
Hai documentos relacionados cos contidos transversais, materias optativas...		
Existen documentos axeitados ao alumnado con necesidades educ. especiais		

2.2. Número de documentos (<i>Indicar porcentaxes respecto do total, se fose posible</i>)	Cantidade	%
Obras de referencia, consulta, coñecementos...		
Literatura infantil/xuvenil/clásica		
Nº total de volumes rexistrados na Biblioteca		
Do total de fondos documentais, indicar o nº de libros		

2.3. Actualización dos fondos	Si	Non
Realízase expurgo con periodicidade		
Os fondos están suficientemente actualizados		
Os fondos están ben conservados		
Os fondos da Biblioteca son axeitados ao alumnado do centro		
Adquírense novos títulos cada curso, en número suficiente (<i>Indicar nº aproximado</i>)		
A Biblioteca conta cun orzamento propio <i>Indicar a cantidade prevista para o presente curso</i>		
2.4. En canto á localización dos fondos		
Todos os fondos rexistrados están na Sala da Biblioteca Escolar		
Rexístranse fondos ubicados noutros espazos (Bib. de Aula, Departamentos...)		

3. XESTIÓN TÉCNICA		
3.1. Rexistro dos fondos	Si	Non
Existe un rexistro manual dos fondos da Biblioteca		
Existe un rexistro informatizado dos fondos		
<i>Indicar o programa informático empregado</i>		
Realízase o rexistro de todos os materiais (libros, revistas, audio, vídeo, Cd-Rom)		
3.2. Catalogación dos fondos		
Hai catálogo manual de autores, materias, títulos (<i>subliñar no seu caso</i>)		
Os catálogos están informatizados e os usuarios teñen acceso ao mesmo		
3.3. Clasificación e colocación		
Os fondos están clasificados seguindo un plan determinado		
Emprégase a C.D.U (<i>Clasificación Decimal Universal</i>)		
Emprégase un sistema mixto (<i>CDU para libros de coñecementos e outros para literatura infantil e xuvenil, por exemplo</i>)		
3.4. Divulgación dos fondos		
A sinalización informativa é suficiente (<i>carteis das diferentes seccións, temáticas, CDU...</i>)		
A Biblioteca publica un boletín informativo		
Existen taboleiros informativos sobre a actividade da Biblioteca		
A Biblioteca publica unha páxina web con actividades propias <i>(Indicar enderezo, no seu caso)</i>		
A Biblioteca publica un blog <i>(Indicar enderezo, no seu caso)</i>		

4. RESPONSABLE/S DA BIBLIOTECA ESCOLAR		
Existe un Equipo de Biblioteca, Departamento de Biblioteca, etc....		
Hai unha persoa designada como responsable da Biblioteca Escolar		
A persoa responsable ten formación específica sobre xestión e dinamización de B.E.		
A persoa responsable conta cun número de horas, no seu horario lectivo, para esta función Indicar nº de horas asignadas <input type="text"/>		
Existe unha persoa, técnico auxiliar de biblioteca ou outro, contratada para esta función		

5. A BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO		
5.1. Presenza nos documentos organizativos	Si	Non
O Proxecto Educativo de Centro recolle a existencia, funcións, obxectivos e actividades da B.E.		
O currículo do centro, integrado no Proxecto Educativo, recolle a presenza da B.E. como recurso para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro		
A Programación Xeral Anual do centro contempla un programa anual da B.E.		
O profesorado programa actividades tendo en conta a B.E. como recurso		

5.2. Actividades nas que a B.E. pode ter unha presenza activa

5.2.1.O centro programa actividades relacionadas coa promoción da lectura (*sinalar cun X*)

- Encontros con autores
- Exposicións de libros
- Concursos de creación (contos, poesía, narración oral, cómic...)
- Lecturas compartidas, recitais.....
- Representacións teatrais, sesións de contacontos...
- O centro contempla espazos/tempos para a lectura nas aulas

5.2.2.Existen prácticas metodolóxicas que precisan o recurso da B.E. (*sinalar cun X*)

- Traballo interdisciplinar/ globalizado
- Traballo por proxectos
- Investigación bibliográfica, consultas en internet, *webquest* e outros....

6. USUARIOS DA BIBLIOTECA

6.1. Alumnado (*sinalar cun X as actividades máis comúns*)

- | | |
|------------------------|-----------------------------|
| ○ Consulta | ○ Traballos escolares |
| ○ Lectura informal | ○ Lectura de revistas |
| ○ Préstamo | ○ Audición música |
| ○ Consulta informática | ○ Vídeo |
| | ○ Xogos (xadrez, outros...) |

6.2. Profesorado (*sinalar cun X as actividades máis comúns*)

- Consulta LIX, materiais didácticos da súa área...
- Lectura persoal
- Lectura con grupos de alumnos/as
- Préstamo persoal
- Préstamo Aula
- Consulta informática
- Impartición de contidos (das áreas de aprendizaxe, técnicas de estudio...)

6.3. Outros membros da comunidade escolar (*sinalar cun X actividades comúns, no seu caso*)

- | | |
|-----------------------------|--|
| ○ Lectura informal en sala | ○ Préstamo |
| ○ Consulta obras referencia | ○ Solicitud de orientación sobre LIX |
| ○ Consulta informática | ○ Participación en actividades da B.E. |

7. PRÉSTAMO	Si	Non
O servizo de préstamo realízase manualmente		
O servizo de préstamo está centralizado na B.E. e informatizado		
Están claramente definidos os criterios de préstamo		
Horas semanais nas que funciona o servizo de préstamo (Sinalar tramo horario) <input type="text"/>		
A Biblioteca Escolar realiza préstamos colectivos ás Bibliotecas de Aula/Depart.		
Indicar, se é posible, o nº de préstamos realizados no curso anterior e/ou no último mes	curso anterior	último mes

8. BIBLIOTECAS DE AULA E OUTRAS	
Nº de Bibliotecas de Aula constituídas de forma estable	
Nº aproximado de volumes fixo	
<input type="checkbox"/> Literatura infantil e xuvenil (<i>percentaxe aproximado</i>)	
<input type="checkbox"/> Consulta: dicionarios, enciclopedias, monografías, atlas.... (<i>percentaxe aproximado</i>)	
Nº de Bibliotecas de Departamento, no seu caso	
<input type="checkbox"/> Nº aproximado de volumes en total (<i>se non están rexistrados pola B.E.</i>)	

9. RELACIÓNS CON OUTRAS BIBLIOTECAS	Si	Non
A Biblioteca Escolar mantén colaboración con bibliotecas doutros centros		
A B.E. mantén colaboración coa biblioteca municipal		
O tipo de colaboración máis común é... (<i>sinalar cun X no seu caso</i>) <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Consulta bibliotecaria <input type="checkbox"/> Préstamos temporais <input type="checkbox"/> Actividades conxuntas 		

10. PROXECTO DE MELLORA DA BIBLIOTECA ESCOLAR	Si	Non
Existe un Proxecto para a mellora da Biblioteca Escolar		
OUTRAS OBSERVACIÓNS OU SUXESTIÓNS PARA A MELLORA DA B.E.		

*LIX: Literatura Infantil e Xuvenil

*B.E.: Biblioteca Escolar

Cargo ou responsabilidade da persoa que cumprimenta o cuestionario